

# ECO camp



ASPERGA

**CAMPAMENTO DE PERNOCTA**



# FICHA TÉCNICA

<b>TÍTULO</b>	<b>ASPERGA ECOcamp</b>
<b>EQUIPO TÉCNICO</b>	Profesionais sanitarios, educadores sociais e persoal de ocio e tempo libre e persoal de deportes.
<b>DESTINATARIOS</b>	Adolescentes e persoas xóvenes adultas con Síndrome de Asperger/TEA grado I, de 13 anos ata os 25.
<b>DURACIÓN</b>	No mes de xullo
<b>OBXECTIVO XERAL</b>	Mellorar a calidade de vida das persoas participantes ofrecendo unha intervención integral.
<b>METODOLOXÍA</b>	Intervención centrada nas persoas e as súas necesidades, con un enfoque activo, participativo, dinámico, flexible e lúdico.
<b>RECURSOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Humanos: profesionais e voluntariado de ASPERGA.</li><li>• Materiais: xogos, material funxible e deportivo, aloxamento e manutención.</li><li>• Transporte: desprazamentos a diferentes áreas da contorna.</li></ul>
<b>AVALIACIÓN</b>	Avaliación do proceso e resultados.





# PRESENTACIÓN DO PROXECTO

ASPERGA, Asociación Galega de ASPERGER, nace no ano 2006 coma unha rede de familias e persoas con Asperger (TEA grao I), co obxectivo de loitar por un futuro de verdadeira inclusión.

As persoas con TEA grao I presentan desafíos no día a día dentro das áreas de comunicación, interacción social e comportamentos repetitivos, o que desencadea retos na realización autónoma das actividades da vida diaria.

Desde a Asociación ASPERGA, e enmarcado dentro do servizo de atención a adolescencia e as persoas adultas, quere ofrecer as mellores intervencións para as persoas usuarias que acoden á asociación, con actividades encamiñadas a fomentar a participación e a autonomía persoal das persoas con TEA/SA.

Tendo en conta a premisa de inclusión, nace o **ECOCAMP**, un espazo que favorece as necesidades de participación na comunidade y o fomento da autonomía persoal, cun campamento de pernoctado e dentro dun entorno inmersivo e medioambiental, que de forma activa e fomenta as habilidades e destrezas para o desenvolvemento na vida cotiá.





# XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

**ECOCamp** é un proxecto **atractivo**, creado como un **espazo terapéutico** con actividades lúdicas que favorezan todas as habilidades adquiridas desde as terapias individuais establecidas durante os meses anteriores.

O distintivo do **ECOCamp** é que está deseñado e executado por profesionais sanitarios, sociosanitarios e do ámbito educativo, social e deportivo, conformando así un equipo completo de profesionais para continuar co proceso terapéutico.

Este proxecto, é un espazo de aprendizaxe máis aló das barreiras dunha sala de terapia e que fomenta a apertura cara a unha intervención dentro da comunidade para a promoción da saúde e o benestar dentro da contorna real.

O campamento é un momento importante para continuar co desenvolvemento das persoas adolescentes y adultas que acoden a ASPERGA para a búsqueda e establecemento dunha vida autónoma.

O trastorno do Espectro do Autismo está presente en 1 de cada 100 nados en Europa. En España, segundo a Estratexia Española do Trastorno do Espectro do Autismo, hay 470.000 persoas con TEA.







# OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

## XERAL

**Fomentar a participación nun aloxamento inmersivo na contorna real para o continuo desenvolvemento das habilidades persoais, sociais e de aprendizaxe**

## ESPECÍFICOS

- Promover a autonomía persoal nas actividades da vida diaria (alimentación, hixiene, autocoidado...)
- Favorecer a convivencia entre iguais
- Fomentar a inclusión en actividades de ocio e tempo libre
- Favorecer a aprendizaxe mediante experiencias reais
- Promover o respecto e a convivencia co medio ambiente e o entorno natural
- Dotar as persoas participantes de estratexias de resolución de conflitos, relación interpersoais e autoxestión
- Favorecer as capacidades persoais de cada persoa participante
- Promover de forma significativa os valores sociais, a través dos xogos e das animacións
- Aumentar a seguridade de cada persoa usuaria a través da realización de actividades diarias e lúdicas
- Fomentar a empatía a través de actividades colaborativas
- Fomentar un estilo de vida saudable e unha relación adecuada co medio ambiente
- Favorecer a toma de decisión e iniciativa









# AVALIACIÓN E INDICADORES DE MEDICIÓN

## FASE 1

Avaliación de cada participante. A avaliación por parte das e dos profesionais implicados no programa.

## FASE 2

Enquisa de satisfacción anónima ás familias de cada participante.

## FASE 3

Autoavaliación de cada profesional sobre o desenvolvemento do programa.

En canto aos indicadores de medición de impacto, contarase co nivel de participación, o nivel de satisfacción das e dos profesionais e familias, ademáis da repercusión nos medios de comunicación (prensa escrita, web, redes sociais...) para valorar a sensibilización e visibilidade con respecto ao colectivo de persoas con TEA.





# ENTIDADE ORGANIZADORA

ASPERGA, Asociación Galega de Asperger, somos unha entidade de utilidade pública, cuxa historia comeza non ano 2006, co obxectivo principal de loitar pola inclusión e o benestar das persoas con Síndrome de Asperger/TEA grao I.



- Promovemos a sensibilización e concienciación social na nosa contorna.
- Ofertamos un centro integral de referencia, no que as e os profesionais especializadas/deseñanvos e facilitan servizos de atención e apoio ás persoas con Síndrome de Asperger (TEA grao I) e as súas familias, e na que persoas usuarias son parte activa do seu propio programa de intervención.
- Traballamos en rede con outras entidades para sumar esforzos e lograr un beneficio común.
- Loitamos porque as persoas con síndrome de Asperger sexan cidadáns/as de pleno dereito, implicando ás administracións públicas.
- Traballamos coas persoas con TEA para que tomen o control das súas propias vidas e protagonicen o futuro do colectivo, fomentando as súas capacidades para que as súas voces sexan escoitadas.
- Xestionamos responsablemente, con ética e total transparencia, coa finalidade de conseguir as nosas metas.





# CONCLUSIÓN

A atención á adolescencia e as persoas adultas é un reto a curto prazo dentro do movemento asociativo no colectivo de persoas con TEA/SA, xa que coñecemos pouca evidencia sobre as necesidades de apoio para a vida independente das persoas con TEA/SA.

Desde ASPERGA, o campamento **ECOCamp** é un proxecto que invita a fomentar un novo recurso para favorecer os modelos inmersivos dentro da contorna real, alonxados dos modelos centristas e tradicionais.

Co **ECOCamp**, pon en práctica a participación activa na intervención dentro da contorna real para facilitar e fomentar o desenvolvemento dos desafíos que atopa o colectivo de adolescentes e persoas adultas con TEA no seu día a día.

O **ECOCamp** ten o distintivo de levar a cabo un enfoque terapéutico ao contexto natural e por ser **ASPERGA a única entidade en Galicia especializada exclusivamente en TEA grao I**, ademáis, o campamento impleméntase por profesionais sanitarios, sociosanitarios, deportivo e social, especializados no colectivo de persoas con TEA/SA, o que impulsa, con maior ímpeto, o seu valor terapéutico.

As persoas autistas identificadas en España maiores dos 25 anos no supera o 10%. Os poucos datos dos que dispoñemos sinalan que as prestacións de asistencia persoal e de servizos da promoción da autonomía son extremadamente limitadas, e que atópanse poucos recursos para favorecelos.



ASPERGA